

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se regulan o recoñecemento, a certificación e o rexistro da participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado.*

A Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, establece no artigo 35, relativo ás actividades realizadas no estranxeiro, o procedemento e os requisitos para o recoñecemento das actividades formativas realizadas no estranxeiro e organizadas por organismos oficiais, por universidades ou por institucións de formación do profesorado oficialmente recoñecidas e que contén con prestixio acreditado polas autoridades educativas do respectivo país, sempre que o seu contido garde relación coas ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En virtude das facultades atribuídas pola disposición derradeira primeira da Orde do 14 de maio de 2013, publicouse a Resolución do 23 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que regula o recoñecemento, a certificación e o rexistro de participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación do profesorado.

Desde a publicación da dita resolución desenvolvéronse no sistema educativo galego diferentes edicións de programas europeos de internacionalización, evolucionando este desde os que abriron camiño, enmarcados no período 2007-2013, ata os que actualmente se desenvolven, encadrados no programa Erasmus+ 2021-2027. Desde que Erasmus+ comezou o seu desenvolvemento como programa paraugas para os programas de internacionalización, ata a edición actual 2021-2027, habilitáronse novas modalidades que flexibilizaron a participación das organizacións: creouse a carta ECHE para a educación superior, xurdiron as acreditacións dos centros para a participación regular e flexible en programas E+ de acción clave 1 e aumentaron as posibilidades e os formatos dos consorcios e os tipos de mobilidades.

Ademais disto, o programa eTwinning segue a fomentar a creación de redes, irmandamentos e colaboracións internacionais, co esforzo de moitas persoas docentes; a súa xes-



ción está centralizada no SCA (Bruxelas) e no SNA (Servizo Nacional de Apoio no MEFP), e con coordinacións nas distintas comunidades autónomas.

Todos os cambios xurdidos no seo do programa Erasmus+ fan preciso actualizar e adecuar o escenario de recoñecementos das actividades vinculadas a ese programa dentro do marco da formación do profesorado. Ademais diso, a crecente afluencia na participación neste programa e en eTwinning fai precisa unha adaptación dos procedementos administrativos que axilicen e faciliten o recoñecemento para as persoas solicitantes.

É obxectivo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional promover e afianzar a participación nestes programas educativos en favor da colaboración e a internacionalización das institucións.

En consecuencia, en virtude das facultades atribuídas pola disposición derradeira primeira da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia,

#### RESOLVO:

##### Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten como obxecto regular o recoñecemento, a certificación e o rexistro da participación nos programas europeos impulsados pola Administración educativa para os efectos de formación permanente do profesorado, segundo o disposto nos artigos 35 e 36 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Os efectos desta resolución serán de aplicación a aqueles programas europeos rematados con posterioridade á entrada en vigor da dita orde, isto é, despois do 23 de maio de 2013, e encadrados no programa Erasmus+ 2021-2027, é dicir, a todos os convenios con número de edición 2021- e posteriores.

Igualmente, modifícase o recoñecemento por participación en proxectos eTwinning para aqueles que comezan con posterioridade á publicación desta resolución.



**Segundo. Destinatarios**

Esta resolución será de aplicación ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión desta consellería, que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a aquel que ten destino nos servizos técnicos dependentes desta consellería.

**Terceiro. Procedemento de recoñecemento**

Os programas Erasmus+ son proxectos das organizacións educativas e, por esta razón, serán os responsables da coordinación do proxecto ou convenio correspondente nos centros educativos, ou os representantes dos equipos directivos os responsables de solicitar o recoñecemento para todas as persoas docentes participantes desde ese centro nun proxecto concreto no curso académico actual.

A achega de documentación xustificativa será por vía electrónica segundo as instrucións que publique o Servizo de Programas de Formación no portal educativo.

A documentación acreditativa de participación en mobilidades por motivos de formación deberá facer constar o número de convenio, a denominación da mobilidade, a modalidade (observación, curso estruturado, docencia) as datas de inicio e finalización, as horas de duración, se procede, e o lugar de realización.

A dirección xeral competente en materia de formación permanente do profesorado resolverá a petición nun prazo máximo de seis meses desde a recepción da solicitude en sede electrónica.

Para estes efectos poderá, de ser o caso, requirir do centro solicitante ou solicitar de oficio doutras unidades administrativas aquela documentación ou información complementaria necesaria para a valoración da acreditación da actividade como formación permanente do profesorado. Unha vez transcorrido o dito prazo sen resolución expresa por causas alleas ao centro interesado, entenderase concedida a petición.

**Cuarto. Programas Erasmus+**

A solicitude de recoñecemento de horas de formación permanente do profesorado pola participación en programas Erasmus+ seguirá o procedemento establecido no punto



terceiro. A resolución de recoñecemento farase segundo as equivalencias recollidas no anexo I.

a) O recoñecemento por coordinación de programas europeos nun centro farase de xeito anual e por un único proxecto por persoa; unha persoa non poderá sumar as horas de todos os proxectos desenvolvidos e coordinados por ela e recoñeceráselle sempre o de maior número de horas (de ter coordinado máis dun) na equivalencia do anexo I (o que máis mobilidades xerou).

b) A acreditación dun centro educativo será susceptible de recoñecemento para a persoa coordinadora e as colaboradoras só se esta se fai efectiva e pública na páxina do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), e as datas polas que se recoñecerá serán as do ano académico previo á concesión da acreditación.

c) O recoñecemento por coordinación de consorcios e proxectos será en horas de innovación; non poderá ter un mesmo número de convenio máis dunha persoa coordinadora por curso académico e non será posible acumular diferentes roles na mesma persoa (coordinación e colaboración, coordinación e participación), exceptuando a participación en actividades de formación vencelladas ao convenio.

d) A participación en actividades por motivos de formación (cursos estruturados, mobilidades de observación e docencias) terá o seu recoñecemento tal e como recolle o anexo I de equivalencias e segundo o asinado pola organización de acollida.

e) As titorías serán recoñecidas segundo o anexo I e a documentación acreditativa será asinada polo equipo directivo segundo a acta que facilitará o Servizo de Programas de Formación.

#### Quinto. *Actividades formativas asociadas a Erasmus+*

O recoñecemento da formación impartida e recibida en cursos estruturados ou ben en períodos de observación e outras actividades no marco de actividade KA1 (Erasmus+) farase de acordo co establecido no artigo 35 da Orde do 14 de maio de 2013. O recoñecemento da equivalencia en horas de formación realizarase segundo o establecido no anexo I.

Xunto coa solicitude de recoñecemento achegarase fotocopia compulsada do certificado en que conste que se superou a actividade, as horas de duración desta no caso de



cursos estruturados, as datas e o lugar de realización, así como o programa da actividade. O dito certificado deberá estar emitido en calquera das linguas oficiais da Unión Europea e incluír a tradución oficial para o galego ou para o castelán.

Sexto. *Proxecto e-Twinning*

O profesorado participante en proxectos e-Twinning poderá pedir o recoñecemento como horas de formación permanente do profesorado xuntando certificación segundo o anexo V, ao cal deberá anexar unha memoria da actividade que inclúa relación de obxectivos que ten que acadar e evidencias que sustenten o proxecto. Os proxectos que acrediten mediante copia compulsada ter recibido o selo de calidade nacional ou europeo estarán exentos da entrega da memoria da actividade. Aqueles proxectos que acheguen acreditación de ter obtido o selo de calidade nacional con máis de 18 puntos terán recoñecemento en horas de innovación.

O recoñecemento de horas de formación ou innovación realizarase segundo as equivalencias establecidas no anexo II. Non se recoñecerán en ningún caso máis horas das indicadas para proxectos de carácter anual.

O profesorado participante en proxectos e-Twinning que xa recibise acreditación pola mesma actividade a través doutro programa ou convocatoria (Erasmus+, Proxecta, etc.) non poderá solicitar un novo recoñecemento baseado nesta mesma actividade.

Disposición adicional única. *Horas de formación xa recoñecidas previamente*

Non se poderán recoñecer en ningún caso horas de formación por actividades que xa obtivesen un recoñecemento en horas de formación permanente do profesorado por diferente concepto previamente.

No caso dos proxectos E+ que contén cun número de convenio igual ou posterior a 2021 e xa teñan recoñecemento segundo a Resolución do 4 de agosto de 2016 e polos que se vexan desfavorecidos con relación ao establecido nesta resolución poderán solicitar a modificación e rectificación ao Servizo de Programas de Formación.

Esta solicitude realizarase a través do procedemento PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo normalizado, dirixida á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Servizo de Programas de Formación), facendo constar o número de convenio e o código de actividade (código X), así como o/os curso/s ao/aos cales atinxe a modificación.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Jesús Manuel Álvarez Bértolo  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

## ANEXO I

Acción Erasmus+	Función	Horas de certificación (por curso académico)	Tipo
ECHE	Coordinación	30 horas	Innovación
KA130-HED	Coordinación	30 horas	Innovación
KA120, KA120-VET (acreditacións Erasmus)	Coordinación	30 horas	Innovación
	Colaboración	20 horas	Formación
KA121, KA121-VET (proxectos acreditados de mobilidade de alumnado e persoal) KA122, KA122-VET (proxectos de curta duración para a mobilidade de alumnado e persoal) KA131-HED, KA171-HED	Coordinación por proxecto	30 horas (ata 10 mobilidades) 40 horas (entre 11 e 30 mobilidades) 50 horas (máis de 30 mobilidades, excepto KA122)	Innovación
	Colaboración de proxecto	Ata 20 horas	Formación
	Participación en curso	Ata 60 horas (segundo o programa do curso)	Formación
	Participación en observación/ formación	5 horas/días lectivo (máximo 60 horas)	Formación
	Participación en docencia		Formación
	Titoría MLD (mobilidade de longa duración)	20 horas por cada participante en MLD	Formación
Titoría de docentes en prácticas	10 horas por cada docente en prácticas	Formación	
KA121, KA121-VET (proxectos acreditados de mobilidade de alumnado e persoal), consorcios	Coordinación de consorcio	40 horas (ata 10 mobilidades)	Innovación
		50 horas (entre 11 e 30 mobilidades)	Innovación
		60 horas (máis de 30 mobilidades)	Innovación
KA131-HED, KA171-HED	Coordinación en membro de consorcio	20 horas (ata 10 mobilidades)	Innovación
		30 horas (entre 11 e 30 mobilidades)	Innovación
		40 horas (máis de 30 mobilidades)	Innovación
KA220 (asociacións de cooperación)	Coordinación da asociación	60 horas	Innovación
	Coordinación nunha institución socia española	50 horas	Innovación
	Participación nunha institución socia española (coordinadora ou socia)	40 horas	Formación

CVE-DOG: paezwul2-xwk5-o9e6-5kq6-ff6vf4dbly7



Acción Erasmus+	Función	Horas de certificación (por curso académico)	Tipo
KA210 (asociacións a pequena escala)	Coordinación da asociación	50 horas	Innovación
	Coordinación nunha institución socia española	40 horas	Innovación
	Participación nunha institución socia española (coordinadora ou socia)	30 horas	Formación

Proxectos e-Twinning			
Proxectos cunha duración máxima de 3 meses	Socio fundador	20 horas por proxecto	Formación
Proxectos cunha duración máxima de 3 meses	Socio anexoado	10 horas por proxecto	Formación
Proxectos cunha duración máxima de 6 meses	Socio fundador	30 horas por proxecto	Formación
Proxectos cunha duración máxima de 6 meses	Socio anexoado	20 horas por proxecto	Formación
Proxectos cunha duración máxima dun curso escolar	Socio fundador	40 horas por proxecto	Formación
Proxectos cunha duración máxima dun curso escolar	Socio anexoado	30 horas por proxecto	Formación

Proxectos e-Twinning con selo de calidade nacional con 18 puntos ou máis*			
Proxectos cunha duración máxima de 3 meses	Socio fundador	20 horas por proxecto	Innovación
Proxectos cunha duración máxima de 3 meses	Socio anexoado	10 horas por proxecto	Innovación
Proxectos cunha duración máxima de 6 meses	Socio fundador	30 horas por proxecto	Innovación
Proxectos cunha duración máxima de 6 meses	Socio anexoado	20 horas por proxecto	Innovación
Proxectos cunha duración máxima dun curso escolar	Socio fundador	40 horas por proxecto	Innovación
Proxectos cunha duración máxima dun curso escolar	Socio anexoado	30 horas por proxecto	Innovación

\*Só un recoñecemento por proxecto.

